



VOTOS A FAVOR 1: VECIÑOS

VOTOS EN CONTRA 5: PP

ABSTENCIÓNS 7: PGD, PSOE, AXP, BNG e CIPA

Dona Teresa Rey Pazos Concelleira do Grupo Mixto por Veciños de Padrón, presenta para ser tratada e votada no Pleno da Corporación a celebrarse o día 26 de novembro de 2015, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todos os anos polas mesmas datas (outubro-novembro) a Deputación da Coruña elabora una serie de plans en base ao artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece como competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión. De ahí xorden os coñecidos POS (Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal), o PAS (Plan de Acción Social) e o PAI (Plan de Aforro e Investimento).

Nas bases destes plans aparecen recollidas a finalidade e obxecto das actuacións a levar a cabo e se ademáis unimos a éstas a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, que establece que os municipios deberán prestar unha serie de servizos en base a súa poboación, temos as directrices a seguir para decidir que obras, servizos e investimentos levar a cabo.

As carencias do Concello de Padrón son obvias e, moi o noso pesar, múltiples debido a malas xestións e falta de plans estratéxicos que marquen al liñas a seguir no medio e largo prazo. Tomando así decisións que nós calificamos como meros apaños ou parches e que fan que malgasten os cartos que son de todos.

Entendemos que tódalas obras propostas polo equipo de Goberno e pola oposición son necesarias, incluso as indicadas por Veciños de Padrón (varandas das pasarelas do Río Sar e mantemento de parques e centros sociais e culturais). A dúbida que se nos plantexou en Veciños de Padrón cando se nos propuxeron diferentes proxectos a elixir, foi o motivo polo cal se deciden unha obras en contra doutras. Sen obter resposta respecto

diso, consideramos que, partindo da base de que todas as obras e servizos plantexadas son necesarias, o criterio a seguir é meramente político o cal nos preocupa seriamente.

Desde Veciños de Padrón consideramos imprescindible que á hora de realizar calquera obra ou servizo se valore seriamente a súa viabilidade e utilícese en todo o posible criterios obxectivos na súa selección.

Ademáis nós apostamos pola transparencia e entendemos fundamental que os veciños e veciñas coñezan os criterios a seguir na toma de decisión polos seus representantes políticos na realización dos proxectos en lugar de outros.

Por todo o anteriormente exposto facemos a seguinte

PROPOSTA

- Elaboración dun Plan Estratégico de obras, servizos e investimentos a medio e longo prazo polos membros dos diferentes grupos políticos da corporación municipal onde se especifiquen os proxectos para realizar.
- Que dito plan esté elaborado o antes posible e con tempo suficiente para elaborar os proxectos a presentar nos Plans Provinciais do vindeiro ano.
- Elección dos proxectos a realizar en base a uns criterios obxectivos e estipulados con anterioridade.
- Publicación do plan elaborado no taboleiro do Concello e na web para que os veciños e veciñas poidan acceder e coñecelo facilmente.

En Padrón, a 17 de novembro de 2015

Dona Teresa Rey Pazos

**SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE
PADRÓN**